



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Versión galego

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE, DE NOVE PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR DO SERVIZO MUNICIPAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO DOS ANOS 2018, 2019 e 2020 (BOP 18/09/2020)

Primeiro exercicio (P1)

Cuestionario de coñecementos parte xeral e específica

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.-Sinala a resposta FALSA en relación co dereito de asociación recollido no artigo 22 da Constitución española de 1978:

- a) As asociacións que persigan fins ou utilicen medios tipificados como delito son ilegais.
- b) As asociacións só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.
- c) As asociacións constituídas ao amparo do mencionado artigo deberán inscribirse nun rexistro aos sós efectos de publicidade.
- d) Prohíbense as asociacións secretas e as de carácter militar.

2.-Segundo o artigo 62 da Constitución española de 1978, pode o Rey presidir os Consellos de Ministros?

- a) Nos casos de inhabilitación do Presidente do Goberno.
- b) Sempre que o desexe, comunicándoo ás Cortes.
- c) Cando o estime oportuno, para os efectos de ser informado dos asuntos de Estado, a pedimento do Presidente do Goberno.
- d) En ningún caso.

3.-Segundo o artigo 81 da Constitución de 1978, son leis orgánicas:

- a) As relativas ao desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.
- b) As que aproben os Estatutos de Autonomía.
- c) As que aproben o réxime electoral xeral.
- d) Todas son correctas.

4.-Segundo o artigo 78.1 da Constitución de 1978, en cada Cámara haberá unha Deputación Permanente composta por:

- a) Un mínimo de vintecinco membros.
- b) Un mínimo de vinteún membros.
- c) Un mínimo de vinteún e un máximo de vintecinco membros.
- d) Ningunha é correcta.

5.-Segundo o artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a revogación de actos e rectificación de erros, se unha Administración Pública pretende subsanar un erro material detectado nun acto de seu, sinala a opción correcta:

- a) Deberá efectuar a declaración previa de lesividade.
- b) Deberá revogar o acto.

c) Poderá rectificar o acto en calquera momento sempre que esta rectificación se efectúe a instancia dos interesados.

d) Ningunha é correcta.

6.-Segundo o artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a ampliación do prazo máximo para resolver e notificar, indicar cal destas opcións é a correcta:

a) O órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, non podendo ser éste superior á metade do establecido para a tramitación do procedemento.

b) Excepcionalmente, cando se esgotaran os medios persoais e materiais dispoñibles aos que se refire o apartado 5 do artigo 21, o órgano competente para resolver poderá acordar a ampliación do prazo máximo de resolución polo tempo imprescindible, ata un máximo de 6 meses.

c) Contra o acordo que resolva a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, caberá recurso de alzada ante o superior xerárquico.

d) Ningunha é correcta.

7.-En relación co artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os documentos que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

a) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

b) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

c) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

d) Todas son correctas.

8.-O artigo 80.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que, salvo disposición expresa en contrario:

a) Os informes serán preceptivos e non vinculantes.

b) Os informes serán facultativos e non vinculantes.

c) Os informes serán preceptivos e vinculantes.

d) Os informes serán facultativos e vinculantes.

9.- Segundo o artigo 122 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula os prazos do recurso de alzada, indicar a opción correcta:

- a) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de dous meses, se o acto fóra expreso.
- b) Se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partires do transcurso do mes seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo.
- c) O prazo máximo para dítar e notificar a resolución será de seis meses.
- d) Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, salvo o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1.

10.-Forma parte do contido mínimo dos Estatutos de Autonomía:

- a) A delimitación do territorio da Comunidade.
- b) A denominación da Comunidade.
- c) As competencias asumidas.
- d).Todas as respostas anteriores son correctas.

11.-Non é función do Alcalde...

- a) Presidir as sesións do Goberno Municipal.
- b) Cumprir e facer cumprir a normativa departamental e municipal.
- c).Dirixir a actividade administrativa do Goberno municipal.
- d) A aprobación do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas.

12.-De acordo co artigo 140 da Constitución a potestade lexislativa dos municipios corresponde a:

- a)Os seus respectivos Concellos
- b)O Pleno
- c)Os veciños do municipio mediante consulta veciñal
- d).Ningunha é correcta

13.-Os empregados públicos clasifícanse, segundo o artigo 8 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, en:

- a) Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, personal laboral fixo, indefinido ou temporal, persoal eventual e persoal directivo profesional.
- b) Persoal funcionario de carreira, personal funcionario interino, persoal laboral e persoal asesor.
- c) Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral e persoal eventual.

d) Persoal funcionario de carreira, persoal funcionario interino, persoal laboral fixo, indefinido ou temporal e personal eventual.

14.-¿Cal dos seguintes deberes inclúese no artigo 52 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro?

- a) Deberán desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas e velar polos intereses xerais con suxeición e observancia da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.
- b) Actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e legalidade e vixiar a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos.
- c) Obedecer as instrucións e ordes profesionais dos superiores en todo caso.
- d) Todas son correctas.

15.-Segundo o artigo 63 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, son causas de perda da condición de persoal funcionario de carreira:

- a) A perda da nacionalidade, nos termos previstos polo artigo 65.
- b) A pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que teña carácter firme.
- c) A sanción disciplinaria de suspensión de funcións que teña carácter firme.
- d) A xubilación parcial.

16.-Segundo o artigo 97 do Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, as sancións impostas por faltas moi graves, graves e leves prescriben:

- a) As moi graves aos catro anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
- b) As moi graves aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.
- c) As moi graves aos catro anos, as graves aos dous anos e as leves ao ano.
- d) As moi graves aos tres anos, as graves ao ano e as leves aos seis meses.

17.-Os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto 5/2015 , do 30 de outubro, teñen o seguinte dereito individual:

- a) Á intimidade no uso de dispositivos dixitais postos á súa disposición e fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e xeolocalización, así como á desconexión dixital nos termos establecidos na lexislación vixente en materia de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- b) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.
- c) Á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables.
- d) Todas son correctas.

18.-¿Cal dos seguintes non é un principio de acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo dos recollidos no artigo 55 do Real Decreto 5/2015?:

- a) Igualdade, mérito e capacidade.
- b) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos.
- c) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- d) Publicidade das convocatorias e das súas bases.

19.-O Museo Histórico Diocesano está situado en:

- a) Praza da Inmaculada.
- b) Praza das Praterias.
- c) Praza de Cervantes.
- d) Praza de San Martiño Pinario.

20.-A Facultade de Físicas atópase situada en:

- a) Avda.Novoa Santos.
- b) Avda.Antonio Raimundo Ibáñez.
- c) Avda.José María Suárez Núñez.
- d) Avda.Burgo das Nacións.

21.-Sitúa o CEIP Cardeal Quiroga Palacios:

- a) Rúa Berlín.
- b) Rúa de Berna.
- c) Rúa Villaldía.
- d) Rúa de Viena.

22.-O lugar da Silvouta pertence á parroquia de:

- a) Nemenzo.
- b) Villestro.
- c) Busto.
- d) A Barciela.

23.-Todos os corpos atráense mutuamente cunha forza que é:

- a) Inversamente proporcional ao produto das súas masas.
- b) Directamente proporcional ao cadrado de distancia que os separa.

- c) Directamente proporcional ao produto das súas masas e inversamente proporcional ao cadrado da distancia que os separa.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

24.-Unha magnitude derivada é aquela que:

- a) Defínese por convenio e non depende das demais magnitudes.
- b) Depende dunha ou máis magnitudes básicas.
- c) Ambas as respostas son correctas.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

25.-Para saber se unha substancia é un ácido, o valor do PH debe de ser:

- a) $\text{PH} > 7$
- b) $\text{PH} = 7$
- c) $\text{PH} < 7$
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

26.-Unha reacción exotérmica:

- a) Desprende calor.
- b) Absorbe calor.
- c) Nin desprende nin absorbe calor.
- d) Non é reversible.

27.-O valor da expresión: $7 - 2 \cdot 3 + 5 \cdot (14 - 6) - 33 : (7 + 4)$ é:

- a) 38.
- b) 48.
- c) 12.
- d) Ningunha das anteriores.

28.-Dous triángulos rectángulos son semellantes se teñen:

- a) Un cateto e a hipotenusa proporcionais.
- b) Un ángulo agudo igual.
- c) Os seus dous catetos proporcionais.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

29.-A lonxitude de onda é:

- a) O espazo percorrido por unha onda nun ciclo completo.

- b) O número de veces que oscila a onda por segundo.
- c) O tempo que tarda a onda en facer un ciclo completo.
- d) Máximo valor que alcanza a onda.

30.-Os repetidores son:

- a) Receptores.
- b) Emisores.
- c) Receptores e emisores.
- d) Ningunha das anteriores.

31.-Cal é o primeiro elo da cadea de supervivencia?

- a) Desfibrilación precoz.
- b) Detección da emerxencia e chamada ao sistema de emerxencias.
- c) Inicio inmediato do SVB.
- d) Coidados médicos.

32.-O terceiro elo da cadea de supervivencia é:

- a) Detección e chamada ao sistema de emerxencias.
- b) Inicio inmediato do SVB.
- c) Desfibrilación precoz.
- d) Coidados médicos.

33.-Feridas contusas:

- a) Producidas pola resistencia que exerce o óso ante un golpe, producindo lesión de tecidos brandos.
- b) É a ferida menos profunda, consistindo unicamente no desprendemento superficial da pel.
- c) Causada por un obxecto romo, pero con fío suficiente para desgarrar os tecidos.
- d) Ningunha é correcta.

34.-A intoxicación é a manifestación que experimenta unha persoa ante:

- a) A inxestión ou inhalación dunha substancia tóxica.
- b) A absorción transcutánea ou ocular.
- c) Ambas son correctas a e b.
- d) Ningunha é correcta.

35.-Sinale a opción correcta sobre fracturas:

- a) Consiste na rotura dun óso, que pode ter os fragmentos desviados ou non. Se a pel mantense intacta, teremos unha fractura pechada. Cando hai unha ferida que comunica o óso co exterior trátase dunha fractura aberta.
- b) Consiste na rotura dun óso, sempre con fragmentos desviados. Se a pel mantense intacta, teremos unha fractura pechada. Cando hai unha ferida que comunica o óso co exterior trátase dunha fractura aberta.
- c) Consiste na rotura dun óso, sempre con fragmentos desviados. Se a pel mantense intacta, teremos unha fractura pechada. Cando hai unha ferida pero non comunica o óso co exterior trátase dunha fractura aberta.
- d) Ningunha é correcta.

36.-As condicións estequiométricas para combustións de pos, aínda que son difíciles de definir, podemos dicir que se atopan, nunha gran maioría dos casos, entre:

- a) 1 a 10 veces o L.I.E.
- b) 5 a 10 veces o L.I.E.
- c) 1 a 100 veces o L.I.E.
- d) 5 a 500 veces o L.I.E.

37.-A cantidade estequiométrica de oxidante orgánico é aproximadamente proporcional á súa calor de combustión, á altura das chamas e ao perigo de propagación do lume:

- a) Verdadeiro.
- b) Falso.
- c) Falso, é inversamente proporcional.
- d) É diferente.

38.-BUP, características da bomba hidráulica:

- a) Bb $8/8$ ou Bc $16/8 - 2/35$.
- b) Bb $16/8$ ou Bc $16/8 - 2,5/35$.
- c) Bb $16/8$ ou Bc $16/8 - 2/30$.
- d) Bb $16/8$ ou Bc $16/8 - 5/30$.

39.-Ecuación de descarga práctica ou corrixida, utilizada para o cálculo de instalacións:

- a) Presión en bomba é igual á presión en lanza máis 0,25 pola perda de carga máis a altura ou desnivel de impulsión.

- b) Presión en bomba é igual á presión en lanza máis 1,25 pola perda de carga máis a altura ou desnivel de impulsión.
- c) Presión en bomba é igual á presión en lanza máis 1,25 pola perda de carga menos a altura ou desnivel de impulsión.
- d) Presión en bomba é igual á presión en lanza máis 1,25 pola perda de carga máis ou menos a altura ou desnivel de impulsión.

40.-Indique en cal dos seguintes supostos é necesaria a instalación dun sistema de columna seca:

- a) Se o edificio ten un uso Aparcamiento e existen máis de tres plantas baixo rasante.
- b) Se o edificio ten un uso Aparcamiento e a altura de evacuación excede de 24 m.
- c) Se o edificio ten un uso Hospitalario e a altura de evacuación excede de 24 m.
- d) Se o edificio ten un uso Administrativo e a altura de evacuación excede de 15 m.

41.-Nun hospital, esíxese a instalación automática de extinción nunha cociña cunha potencia instalada:

- a) Maior de 10 kW.
- b) Maior de 20 kW.
- c) Maior de 30 kW.
- d) Maior de 35 kW.

42.-Cal é a misión principal da bomba jockey nunha instalación de bocas de incendio equipadas?:

- a) Manter a presión esixida na rede.
- b) Entrar en funcionamento cando a bomba principal falle.
- c) Entrar en funcionamento cando se alimente a rede desde unha autobomba de bombeiros para asegurar o caudal.
- d) Ningunha é correcta.

43.-Nas redes subterráneas para distribución en baixa tensión, a distancia mínima entre un cable de baixa tensión e outros cables de baixa tensión será:

- a) 0,10 m.
- b) 0,20 m.
- c) 0,30 m.

d) 0,50 m.

44.-Nas instalacións eléctricas de iluminación pública, nas redes de alimentación utilizaranse condutores:

- a) De cobre ou aluminio e tensión asignada de 0,6/1 kV.
- b) De cobre e tensión asignada de 0,6/1 kV.
- c) De aluminio e tensión asignada de 0,6/1 kV.
- d) De cobre ou aluminio e tensión nominal de 750 V.

45.-Nun incendio dunha centralización de contadores, onde podemos cortar a corrente:

- a) Na caixa xeral de protección (C.G.P.).
- b) Na vivenda.
- c) Na caixa xeral de distribución.
- d) No interruptor xeral de corte omnipolar.

46.-Poder de retención do filtro contra partículas P2:

- a) Maior ou igual a 95% e menor de 98%.
- b) Menor ou igual a 95% e maior de 98%.
- c) Menor de 98%.
- d) Maior ou igual a 95%.

47.-Nun equipo de respiración autónomo, cando se desconecte o manómetro e o seu tubo de conexión, o caudal de fuga non debe exceder de:

- a) 25 l/min a 200 bar.
- b) 30 l/min a 200 bar.
- c) 40 l/min a 200 bar.
- d) Dependerá da capacidade da botella.

48.-Para que produtos úsanse os filtros verdes tipo K?:

- a) Contra dióxido de xofre e amoníaco.
- b) Contra mercurio.
- c) Contra amoníaco e derivados.
- d) Ningunha é correcta.

49.-¿Qué número deberá de figurar como código de perigo na parte superior do “panel laranxa” no transporte dunha materia coas propiedades: gas licuado refrixerado, asfixiante?:

- a) 22.
- b) 23.
- c) 228.
- d) 25.

50.-As materias sólidas corrosivas, inflamables de clase 8, pertencen á subdivisión:

- a) CW 2.
- b) CF 2.
- c) CT 2.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

51.-O elemento dunha bomba centrífuga que ten a función de realizar xunta de escape, entre a carcasa e o rodete, evitando a recirculación da auga, denomínase:

- a) Frecha.
- b) Prensaestopa.
- c) Aneis de desgaste.
- d) Voluta.

52.-En que etapa do manorreductor atópase instalada a válvula de seguridade?:

- a) Na etapa de alta.
- b) Na etapa de media.
- c) O manorreductor non ten etapas diferenciadas.
- d) Non se atopa no manorreductor, se non no conduto que conecta co regulador.

53.-¿Qué forza haberá que realizar para levantar un peso de 150 kg, con un polipasto de dúas poleas móbiles e unha polea fixa?:

- a) 500 N.
- b) 860'4 N.
- c) 367'5 N.
- d) 790'5 N.

54.-¿Cantas caídas de ensaio de factor 1'77 empréganse para testar unha corda dinámica simple segundo a norma 892?:

- a) 1.
- b) 3.
- c) 5.
- d) 4.

55.-Segundo as EUROCLASES, un material colocado en paredes e teitos, combustible, con contribución moi limitada ao lume, que produce fumes de baixa opacidade, e que ocasiona pingas ou partículas inflamadas cunha duración inferior a 10", correspóndelle:

- a) b- s0, d1.
- b) b_{FI}- s0, d0.
- c) b- s1, d0.
- d) b- s1, d1.

56.-En canto ao tipo de estrutura dun edificio, responde ao modelo de estrutura ISOSTÁTICA:

- a) A unión entre os elementos non ten ou ten moi pouca rixidez.
- b) Conserva os ángulos que forman os seus elementos no caso de deformación.
- c) A unión entre os seus elementos ten unha notable rixidez.
- d) O fallo dun dos seus elementos pode ser absorbido polo resto da estrutura.

57.-En fontanería, a qué se denomina fluxores?:

- a) Billas ou válvulas de descarga nas cales se pode regular a cantidade de auga e o tempo de descarga.
- b) Billas manuais nas que ademais de peche automático pódese regular a temperatura da auga.
- c) E unha válvula automática que substitúe os sifóns para evitar malos cheiros.
- d) Válvula de regulación de caudal e temperatura para as bañeiras de hidromasaxe.

58.-A gubia e unha ferramenta de corte curvo ou angular que se utiliza na:

- a) Madeira.
- b) Tubos de metal.
- c) Formigón.
- d) Pedra.

59.-Segundo a normativa, os BUP deben de ter unha capacidade de ataque de:

- a) Dúas lanzas de 45 mm a un incendio situado a 100 metros de distancia.
- b) Unha lanza de escuma de 400l/m de caudal mínimo.
- c) Catro lanzas de 45 mm a un incendio situado a 100 metros de distancia.
- d) Catro lanzas de 25 mm a un incendio situado a 100 metros de distancia.

60.-Segundo a normativa UNE-EN 1846-2, ¿Cal é o ángulo de envorcado en estabilidade estática dunha BUL?:

- a) Igual ou superior a 17°.
- b) Igual ou superior a 27°.
- c) Igual ou superior a 29°.
- d) Igual ou superior a 32°.

61.-De acordo coa estrutura e organización do PEIFOGA, quen é o director do plan na SITUACIÓN OPERATIVA 2?

- a) O responsable do departamento competente en materia forestal designado no PEIFOGA.
- b) O alcalde do municipio afectado polos incendios.
- c) O director xeral da consellería competente.
- d) O delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia afectada polos incendios.

62- De acordo ás definicións recollidas no propio plan, ¿cal dos seguintes non é un plan especial de Protección Civil?

- a) PEIFOGA.
- b) PLADIGA.
- c) SISMIGAL.
- d) INUNGAL.

63.-Segundo o “CTE”, a separación máxima do vehículo de bombeiros á fachada do edificio en edificios de ata 15 metros de altura de evacuación é:

- a) 18 m.
- b) 23 m.
- c) 10 m.
- d) 15 m.

64.-Que prazo máximo ten o titular dun establecemento industrial para comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma calquera incidencia que se produza e que derive nunha situación de danos persoais que requiran atención médica externa (art. 10 RD2267/2004)?:

- a) 10 días.
- b) 15 días.
- c) Un mes.
- d) Tres meses.

65.-Un establecemento industrial tipo “C” é aquel que ocupa:

- a) Totalmente un edificio ou varios e que está a unha distancia maior de 3 metros do edificio máis próximo.
- b) Parcialmente un edificio ou varios e que está a unha distancia maior de 3 metros do edificio máis próximo.
- c) Totalmente un edificio ou varios e que está a unha distancia maior de 2 metros do edificio máis próximo.
- d) Total ou parcialmente un edificio ou varios e que está a unha distancia maior de 3 metros do edificio máis próximo.

66.-Sinala a correcta. Segundo o Decreto 171/2010 da Comunidade Autónoma de Galicia, terán que ter un plan de autoprotección aquelas actividades de espectáculos públicos e recreativos que se celebren ao aire libre ou pechadas:

- a) Aire libre cunha capacidade ou aforo superior a 10000 persoas.
- b) Pechadas cunha capacidade ou aforo para máis de 1000 persoas.
- c) Aire libre cunha capacidade ou aforo superior a 20000 persoas.
- d) Pechadas desmontables cunha capacidade ou aforo superior a 1500 persoas.

67.-¿A quen lle corresponde aprobar o plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais?

- a) Ao parlamento de Galicia.
- b) Ao Consello da Xunta.
- c) Á Dirección Xeral de Protección Civil.
- d) Ao presidente da Xunta de Galicia.

68.-De acordo co PLATERGA: ¿Quen será o director/a do PLAN cando se declare o nivel de emerxencia “ IG ”?:

- a) O alcalde do concello afectado.
- b) O representante a nivel provincial da Consellería da Xunta en materia de protección civil.
- c) O titular da dirección xeral da Xunta en materia de protección civil.
- d) O titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou persoa titular da Consellería en quen delegue.

69.- Cal é o coeficiente de dilatación lineal do aceiro cando o cambio de temperatura é menor de 100 °C?:

- a) $0'2 \cdot 10^{-5}$.
- b) $1'2 \cdot 10^{-5}$.
- c) $2'2 \cdot 10^{-5}$.
- d) $2'5 \cdot 10^{-5}$.

70.- Segundo a norma UNE-EN 1846-1, un vehículo con MTC de 2'5 Tm correspóndese con:

- a) Lixeiro.
- b) Forestal.
- c) Urbán.
- d) Non regula estes vehículos.

PREGUNTAS DE RESERVA

71.- Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sobre a representación, indique cal destas afirmacións é correcta:

- a) As persoas xurídicas poden actuar a través de representante, e as persoas físicas unicamente en caso de incapacitación legal.
- b) Só será preciso acreditar a representación no momento de presentar a solicitude.
- c) A representación poderá acreditarse mediante apoderamento apud acta efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica.
- d) A falla ou insuficiente acreditación da representación impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, producíndose a nulidade do procedemento.

72.- Corresponde á Xunta de Goberno Local:

- a) A aprobación do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas

- b) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.
- c) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.
- d) Entroutras, todas son funcións segundo o artigo 23 da Lei de Réxime Local.

73.-A expresión do número 0,08509 en notación científica é:

- a) $85,09 \cdot 10^{-3}$
- b) $8,509 \cdot 10^{-2}$
- c) $8,509 \cdot 10^2$
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

74.-A altura dunha pirámide é de 20 cm. A súa base é un triángulo rectángulo cunha hipotenusa de 10 cm e un cateto de 6 cm. O seu volume é:

- a) 150 cm^3
- b) 90 cm^3
- c) 160 cm^3
- d) 70 cm^3

75.-A emisión radiofónica consiste na transmisión de sons a través de:

- a) Ondas radioeléctricas.
- b) Ondas mecánicas lonxitudinais.
- c) Ondas mecánicas transversais.
- d) Por cable.

76.-A incandescencia pode producirse por materiais en estado:

- a) Propiedade exclusiva dos sólidos.
- b) Sólido e algúns metais.
- c) Sólido ou líquido.
- d) Só os gases producen incandescencias, mediante a emisión de vapores.

77.-Respecto á distancia ou alcance á que chega o chorro, corresponde:

- a) O alcance dependerá da gravidade, do tipo de abertura e da viscosidade do líquido.
- b) O máximo alcance obtense na práctica cun ángulo de inclinación da lanza de 45° .
- c) A velocidade é igual a caudal pola superficie.
- d) Todas corresponden ao alcance dun chorro.

78.-Procede a instalación automática de extinción en centros de transformación cuxos aparellos teñan illamento dieléctrico:

- a) Con punto de inflamación menor que 300°C e potencia instalada maior que 1000 kVA en cada aparello.
- b) Menor que 4000 kVA no conxunto dos aparellos.
- c) A e B son correctas.
- d) Ningunha é correcta.

79.-Indique a cor das oxivas das botellas de C_2H_2 e O_2 e o sentido de enroscado para conectar o manoredutor:

- a) C_2H_2 marrón e enrosca a esquerdas, O_2 branco e enrosca a dereitas.
- b) C_2H_2 marrón e enrosca a dereitas, O_2 branco e enrosca a dereitas.
- c) C_2H_2 marrón e enrosca a esquerdas, O_2 verde intenso e enrosca a dereitas.
- d) C_2H_2 marrón e enrosca a dereitas, O_2 branco e enrosca a esquerdas.

80.-No suposto dun operario traballando no cal o punto de ancoraxe e o elemento de amarre anticaídas están ao mesmo nivel e con 2 metros de corda despregada, se sofre unha caída ao baleiro, ¿qué factor de caída ten?

- a) 0.
- b) 0'5.
- c) 1.
- d) 2.